

A Voz de Abaixo

Nº 5
2016



EDITORIAL

Aquí está un novo número de A voz de Abaixo, unha plataforma de comunicación directa coa veciñanza para falarmos dos problemas do barrio que precisan de actuación e tamén dos logros que, como colectivo, veciños e veciñas imos conseguindo.

Acabamos de celebrar as afamadas e tradicionais festas da Rúa de Abaixo que, un ano máis, transcorreron coa alegría e o bo ambiente que ven sendo habitual. Un éxito que se debe ao voso apoio, participación e gañas de pasalo ben, pero tamén ao esforzo e cariño das persoas que traballaron durante semanas para que todo saíra o mellor posible.

Ademais damos conta nestas páxinas do traballo de mediación realizado co Concello, e que contribuíu á posta en marcha de varias actuacións no barrio. Falamos tamén da integración das Marías en iniciativas como o Prestogal Veciñanza ou no programa CES (Capturar-Esterilizar-

**queremos
animarvos a
participar
deste proxecto
ilusionante
para facer do
noso barrio un
sitio mellor**

Soltar) de Argo, asociación de protección animal, para controlar o crecemento das colonias de gatas da rúa.

O traballo reivindicativo vai continuar nos próximos meses. Gustaríanos ver materializada algunha das propostas que veciñas e veciños trasladastes para transitar até o parque Fermín Bouza Brey sen o perigo que supón cruzar os catro carrís de Xoán XXIII; e que se solucionaran os problemas de firme que hai en rúas como a do Espírito Santo ou Praza de Ultreia, onde tamén calzada e beirarrúas precisan de atención; que se salven as numerosas barreiras arquitectónicas existentes nos accesos á Avda. de Salamanca, rúa Oviedo e Pastoriza; ou recuperar para o uso público a Finca da Estrela. E por suposto, procuraremos momentos para o lecer no barrio, actividades das que vos iremos informando puntualmente na rúa, na Web e no Facebook.

Desde aquí tamén queremos animarvos a participar deste proxecto ilusionante para facer do noso barrio un sitio mellor, un espazo de convivencia máis bonito, solidario e participativo.

O traballo da asociación precisa de todas as mans.

Asociación Argo

entrevista

“A colaboración veciñal é moi importante”



A Asociación Argo traballa polo benestar dos animais. Dende hai un tempo está a colaborar coa Asociación Veciñal As Mariñas co obxectivo de abordarmos as mellores solucións posibles para a colonia de gatos que temos no barrio. Falamos con Eva, unha das súas voluntarias.

Hai tempo que no barrio nos acompaña unha colonia de gatiños. Podémoslos coidar entre todos e todas ou é imposible facelo?

Pódense coidar entre todo o mundo, por suposto. Sería incluso máis doado se se establecesen quendas entre os veciños para a súa alimentación. Os micos dun barrio forman parte del coma uns habitantes máis, e cumpren funcións coma a de manter a raia ás ratas. O coidado de animais e o contacto diario dos nenos con eles, incluso sen tocalos pero recibindo a convivencia no mesmo barrio, pode ser tamén unha boa ensinanza para os rapaces, que aprenden dende pequenos que o espazo vital pode compartirse con seres vivos en cuxo benestar poden colaborar. De feito, rapaces que por unha cuestión ou outra non poden ter animais na súa casa, poderían sentirse útiles e satisfeitos axudando a alimentar aos micos rueiros. A colaboración veciñal é importante tamén á hora de facer un censo dos individuos da colonia, pois ninguén mellor que os habitantes para poder saber cantos gatos hai, por que zonas se moven e se son ou non habituais. Ás asociacións resúltanos moi difícil a obtención destes datos ao non poder observar a colonia todos os días. Todos os gatos e gatas que levamos a esterilizar reciben un nome propio que os identifica coma individuos que son. Os coidadores e coidadoras de colonias establecen vencellos en ocasións moi fortes cos animais que coidan, acaban coñecendo os seus caracteres e incluso a relación que teñen cos demais felinos.



A Perseo atopárono na rúa, dende a asociación Argo coidano e búscalle un fogar

Non cabe agardar, simplemente, a que marchen, non é?

Os gatos ferais, de colonias urbanas, precisan atopar o seu propio fogar. Cando xa non atopan acobillo non lles queda outra que tentar vivir noutro espazo que lles dea seguridade. Marchar da súa colonia é moi difícil para un gato, de feito case imposible, cústalles moitísimo reubicarse e, de feito, cando unha colonia se dispersa, poucos son os individuos que logran sobrevivir.

Se mentres convivimos con eles decidimos alimentalos, por que é mellor facelo con pensos secos e non con outro tipo de alimentos?

O penso seco non da malos olores, nen sequera cando se molla. Se alguén lle quere dar comida húmida tampouco é un problema (incluso en gatos con problemas dentais é aconsellable), sempre que a retire nun par de horas se non a comeron. O que non se pode facer é darlles restos de comida que acaban podrecendo, nen comida que nen sequera comen os felinos, coma poden ser cereais ou spaguettis (que temo visto nesta colonia). É fundamental manter un entorno limpo e saudable tanto para os gatos como para os humanos, e iso non se consegue botando restos de peixe, iogures ou outro tipo de alimentos que atraen ás moscas e outros insectos, por moi boa que sexa a intención coa que se fai. As colonias de gatos teñen que estar sempre esterilizadas e alimentadas dunha forma limpa e correcta.

Temos que ter algún temor para adoptar un gatiño que veña da rúa?

Non, en absoluto. Un gatiño da rúa pequeno pode socializarse. Un adulto sociable tamén se adaptará perfectamente a unha casa. Ten que pasar antes polo veterinario para desparasitar e facer unha revisión, e incluso se téñ algunha enfermidade, como poida ser a rinotraqueíte (un típico catarro felino), o veterinario daranos a medicación adecuada. Son moi poucas as enfermidades que se transmiten de gatos a persoas, e en calquera caso, de recoller un mico con algunha, coma poderían ser os fungos, coa profilaxe e o tratamento preciso non habería problema ningún. Os gatos de colonias esterilizados e ben alimentados están moito máis sans que os das colonias que medran sen control. Os gatos adultos sen socializar son moito máis difíciles de adaptar a un fogar, polo que o mellor é tentar facilitarlles a vida na rúa para que poida estar sans e protexidos.

“Aos gatos da rúa non se lles debe dar restos de comida. Cómpre unha contorna limpa”

“Non temos que ter temor á adopción. Un gatiño pequeno da rúa adaptación perfectamente á casa”

Por que a esterilización é unha vía axeitada para controlar estas colonias?

Unha gata pode ter unha media de 3-4 camadas ao ano, e de cada camada nacen polo xeral entre 3 e 5 crías. A maior parte delas non chegan a adultas, pero as femias que sobreviven quedan preñadas sobre os 7-8 meses e inican o mesmo ciclo que as súas nais. Unha colonia esterilizada e ben alimentada manterá o seu número controlado e non se reproducirá indiscriminadamente. Os gatos son territoriais e polo xeral non deixan que felinos de fóra invadan o seu espazo, pero pode pasar, polo que o axeitado e ter un control dos individuos que hai para esterilizar inmediatamente aos novos que poidan aparecer. A esterilización é tamén un acto de humanidade, pois evita o nacemento de moitos gatiños que na meirande parte das ocasións morren con moito sufrimento sendo bebés. Tamén se evitan os problemas de celo e as pelexas.

Que traballo de concienciación facedes sobre a presenza de colonias de gatos?

Actualmente levamos castradas 11 femias e 5 machos de Ultraia, de onde retiramos unha nai con 3 crías e unha femia adulta enferma. Quédannos moitos micos desa zona e queremos comezar tamén a esterilizar no Espírito Santo, de onde retiramos unha femia enferma e unha cría. Falamos cos veciños que nos preguntan cousas cando nos ven darlles de comer e tratar de convencer á xente que lle bota restos de que non o faga, así como dos beneficios da esterilización ás persoas que están en contra e de que os micos da rúa son uns habitantes máis que forman parte da fauna urbana. Participamos co grupo veciñal de Fontiñas Micos do Barrio na súa campaña de *Un máis adoptado, un menos na rúa*, que pretende lograr adoptantes para gatiños de colonias sociables, e na de Quero-té, quero-me, en colaboración coa tenda Queroté na rúa de San Pedro, Micos do Barrio e as asociacións Abeiro e SOS Animalia, co obxectivo de recadar fondos para esterilizar unha colonia da rúa Home Santo e dar a coñecer aos seus individuos.





PRESTOGAL
WWW.PRESTOGAL.GAL



O Prestogal veciñanza é unha plataforma web para prestar, intercambiar ou ceder recursos entre os veciños e veciñas da cidade. Obxectos que usas pouco ou que xa non usas pero que aínda teñen vida útil, poden ser subidos ao Prestogal para poñer a disposición doutras persoas. Esta plataforma web xestiónase a través da nosa asociación veciñal, quen asume a responsabilidade da captación e alta da veciñanza e do bo uso da plataforma. Ademais, os Servizos Sociais do

concello teñen acceso á plataforma para que as persoas máis necesitadas que non teñen acceso a Internet nin a asociacións, tamén podan acceder aos recursos coa axuda do persoal de Servizos Sociais que actuará de intermediario. O Prestogal é, en definitiva, unha ferramenta que reduce o consumismo, fortalece o tecido asociativo e promove a solidariedade entre os veciños e veciñas da cidade.

O traballo da asociación neste 2016

continua na páxina seguinte

Veciñas e Veciños, de seguido explicámosvos, de xeito o máis breve posíbel, todo un ano de traballo dunha asociación veciñal humilde como é a nosa. Agardamos ter dado voz ás necesidades que demandades e recordádevos que sempre poderedes facernos achegas ben nas reunións abertas da asociación, ben no noso mail.

1. QUE CONSEGUIMOS NESTES MESES?

- A visita do alcalde para coñecer de primeira man as problemáticas do barrio
- A limpeza e retirada das casetas da esquina de Basquiños con Travesa de Basquiños

- A desratización da zona de Avda. Coimbra
- A renovación de bancos na rúa de Oviedo
- Unha solución para o ruído das tapas de sumidoiro da rua Basquiños
- A inversión de 60.434€ dos remanentes do orzamento do Concello para a reparación da calzada da Avda. Coimbra
- A difusión en diferentes medios de comunicación das problemáticas do barrio
- Sinais de redución de velocidade na rúa de Espírito Santo
- Por en marcha o programa Prestogal Veciñanza que promove o intercambio e o consumo colaborativo



Suma-te às Marias Ficha de Inscripción (podes deixar no 13 ou enviar os datos a a.vv.asmarias@gmail.com)

Nome:

Enderezo:

Teléfono:

Correo Electrónico:

Actividade na que queres participar:

.....

2. QUE LEVAMOS REIVINDICADO ATA O DE AGORA?

Na Rúa do **Espíritu Santo**: fixemos fincapé no estado do firme, non apto para soportar o excesivo tráfico rodado actual. Así mesmo falamos da necesidade de reducir a velocidade permitida, de diferenciar de xeito claro a zona de transeúntes da de automóbiles e de retirar aqueles restos de postes de amarre ou sumidoiros que provocan estrondo ao seu paso e que tanto incomodan no día a día á veciñanza.



Na zona de **Ultreia**: centrámonos no mal estado do pavimento da calzada e da beirarrúa, nas numerosas barreiras arquitectónicas coas que contamos nos accesos á **Avenida de Salamanca** ou á Pastoriza e no desatendemento das zonas verdes públicas. Tamén achegamos propostas para cruzar Xoán XXIII de maneira segura e, por un lado disfrutar dunha ampla zona verde próxima ao barrio, e por outro retomar o vínculo histórico entre o barrio e Vite.



En canto á **Pastoriza e Basquiños**: demos a coñecer a situación das rúas tras as obras e incidimos nos riscos reais unha vez xa rematadas, materializados en atropelos e accidentes. Falámoslle tamén deses espazos visibelmente descoidados como son as beirarrúas da Pastoriza ou da Travesa de Basquiños, que canda á falta de iluminación e aos cascallos que ficaron despois dos traballos de acondinamento contribúen a desvirtualos.



Para **Santa Clara** denunciámos o estado das canalizacións e pedimos solucións para evitar así asolagamentos dos baixos das vivendas, pedimos a eliminación das barreiras arquitectónicas existentes, o valor de agrupar os sinais que están fóra de uso, de aquliar as zonas de xardín e de atopar algunha solución para reducir a perigosidade do paso de peóns na intersección que comunica Santa Clara e A Estila.

Para a **A Estila e a Avenida de Coimbra** reforzamos a idea que xa fora identificada por algunhas veciñas e veciños do amaño total da estrada e mais das beirarrúas, moi deterioradas pola antigüidade e polo tránsito masivo derivado das obras de Basquiños. Solicitamos tamén o coidado da zona axardinada que se atopa fronte ao Colexio Maior La Estila e a adaptación á normativa europea do parque infantil sito ao fondo da propia avenida.



Para a **Avenida de Salamanca e a Rúa de Oviedo** pedimos o seu arranxo íntegro, achegando fotos do pavimento, en total estado de deterioro, abordamos a importancia de buscar alternativas ás barreiras arquitectónicas na zona de Oviedo e de conexión con Ultreia e do saneamento da rede de sumidoiros.

Ademais tamén propuxemos solucións para a finca de Estrela como pode ser facer unha zona de estacionamento para a veciñanza e hortas urbanas, e pedimos espazos de estacionamento para as bicicletas repartidos polas distintas rúas do barrio.

3. QUE NOS FALTA?

Opina e participa na mellora do barrio achegándote ás reunións da asociación ou contactándonos no email a.vv.asmarías@gmail.com